



Expediente IET: P-21-125
Proxecto: Parque eólico Serra do Faro Ampliación II
Concellos: Rodeiro e Dozón (Pontevedra); San Cristovo
de Cea e Piñor (Ourense)
Promotor: Pena da Costa Eólica, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 21/09/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, achega ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Serra do Faro Ampliación II.

1. Antecedentes:

Con data do 05/05/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) do proxecto debía axustarse ao disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

A documentación achegada pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais é a contestación da empresa promotora ao informe do IET do 05/05/2021.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Informe:

A documentación achegada constitúe a actualización do EIIP para se axustar ao disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, e a resposta da empresa promotora a distintas consideracións efectuadas polo IET.

Na contestación da empresa promotora indícanse distintas medidas para mitigar os impactos visuais e paisaxísticos das infraestruturas do parque como son a posibilidade de realizar plantacións arbóreas na contorna dos núcleos rurais, a restauración ou reposición a partir dos materiais orixinais dos muros tradicionais de pedra afectados polo proxecto, e a adecuación do edificio de control ás características estéticas e construtivas das edificacións tradicionais da contorna.

En relación ás posicións dos aeroxeradores 6,7 e 8, xustifícase a inviabilidade de emprazar as máquinas en localizacións alternativas. Porén indican que se analizará a posibilidade de reducir a altura de buxa destes aeroxeradores (actualmente 112 metros), para atenuar a incidencia sobre as vistas panorámicas cara ao sur e sueste do miradoiro de Pena de Francia.

A addenda presentada pola empresa promotora vén a emendar o EIIP do proxecto, polo que pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

Como xa se tiña indicado no anterior informe, os principais impactos do proxecto produciranse sobre os núcleos de poboación situados nun territorio de eminente vocación agraria, incrementándose a incidencia visual pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou en tramitación na contorna.

Lémbrese que, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

